



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA E A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A REHABILITACIÓN DA PONTE INTERNACIONAL SOBRE O RÍO MIÑO ENTRE SALVATERRA DO MIÑO E MONÇÃO.

1.- Antecedentes

O 29 de marzo de 1989 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Obras Publicas e Urbanismo, a Conselleria de Ordenación do Territorio e Obras Publicas e o Concello de Salvaterra para a construción dunha ponte entre Salvaterra do Miño e Monção para unir España con Portugal.

Neste convenio, o Ministerio comprometíase a impulsar as actuacións necesarias para a construción da ponte, a través dun convenio con estado portugués, e a financiar as obras correspondentes á ponte e aos accesos do lado español. Así mesmo, prevía que trala recepción definitiva da obra, a parte española da ponte sería entregada á Xunta de Galicia, que sería responsable da súa conservación a partir dese momento.

Posteriormente, o 3 de xullo de 1989, asinouse o Convenio entre España e Portugal para a construción dunha ponte internacional sobre o río Miño, entre as localidades de Salvatierra e Monção, no que se establecían as obrigas das partes e os mecanismos de coordinación entre ambos países para a construción e mantemento da nova ponte.

O artigo 13 deste convenio establece que unha vez finalizada a obra da ponte e entregada a cada goberno a parte situada no seu país, cada un deles sería responsable da conservación da súa parte correspondente.





O 30 de novembro de 1998, asinouse en Albufeira, o Convenio-Marco entre o Reino de España e a República Portuguesa relativo á mellora dos accesos entre os dous países, co fin de cooperar na planificación e programación de accións tendentes a mellorar os accesos ferroviarios, por estrada e peonís entre os dous países, garantindo niveis de servizo adecuados e equivalentes, de conformidade co interese común.

O 13 de outubro de 2021 asinouse a acta de entrega a favor da Xunta de Galicia da parte da Ponte entre Salvaterra de Miño e Monção situada en España.

O 28 de outubro de 2021 asinouse un Protocolo de intencións entre o Ministro de Infraestruturas e Vivenda de Portugal e a Ministra de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana de España, sobre a necesidade de rehabilitación estrutural dos alicerces e travesas da ponte entre Salvaterra do Miño e Monção, así como o desenvolvemento dun proxecto de ampliación do taboleiro, con vistas á inserción dun carril bici e peonil.

Durante o ano 2022 tamén estaba prevista a sinatura do Acordo entre a República Portuguesa e o Reino de España para a rehabilitación dos alicerces e travesas da ponte internacional sobre o río Miño e estudo da instalación de ciclovía e paseo, entre as localidades de Monção (Portugal) e Salvaterra do Miño (España), que tiña por obxecto regular as relacións entre os asinantes para as obras e o financiamento da rehabilitación estrutural de alicerces e travesas do Puente Internacional sobre o río Miño entre Salvaterra do Miño e Monção así como o proxecto e o financiamento do ensanche do taboleiro do Puente Salvaterra-Monção, e os accesos inmediatos ao carril bici e á senda peonil. No acordo establecíase que a Xunta de Galicia, por parte do Reino de España e Infraestruturas de Portugal IP, por parte da República Portuguesa, eran os entes competentes para levar a cabo o financiamento e execución das actuacións recollidas.

Neste contexto, Infraestruturas de Portugal IP licitou e executou as obras de rehabilitación dos alicerces e travesas da ponte internacional durante o ano 2022.



E co fin de dar cumprimento ás obrigas previstas no dito acordo, o 15 de decembro de 2022, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura do Convenio entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra de Miño e Monção por importe 378.609,37 €, con cargo ás anualidades orzamentarias 2022 e 2023. Sen embargo a República Portuguesa e o Reino de España non asinaron o acordo previsto durante o ano 2022 e en consecuencia tampouco foi asinado o Convenio entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Posteriormente, durante o Cumio hispano-portugués celebrado o 15 de marzo de 2023 en Lanzarote, a República Portuguesa e o Reino de España asinaron o Acordo para a rehabilitación dos alicerces e travesas da ponte internacional sobre o río Miño e estudo da instalación de ciclovia e paseo entre Monção e Salvaterra do Miño. Deste acordo internacional nacen as obrigas recollidas no Convenio entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que esta última asume como propias as obrigas contraídas polo Reino de España no acordo internacional na parte relativa ao financiamento.

2.- Competencia

O artigo 27.7 do Estatuto de Autonomía para Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre as obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia.

E o Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, atribúelle a esta consellería a competencia en materia de infraestruturas.

Pola súa banda, o artigo 1 do Estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobado por Decreto 173/2011, de 4 de agosto, establece que esta poderá planificar, proxectar,





construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude de encoméndalas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

3. Obxecto

O convenio ten por obxecto determinar as responsabilidades do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia en relación coas obrigas contraídas polo Reino de España no "Acordo entre o Reino de España e a República Portuguesa para a rehabilitación dos alicerces e travesas do Puente internacional sobre o río Miño entre Monção (Portugal) e Salvaterra do Miño (España) e estudo da instalación dun carril bici e paseo na devandita ponte", que serán asumidas como propias pola Xunta de Galicia en relación co financiamento das actuacións previstas no acordo internacional.

4.- Razóns de necesidade e oportunidade

Con fin de dar cumprimento ao Acordo entre o goberno da República Portuguesa e o Reino de España para a rehabilitación dos alicerces e travesas da ponte internacional sobre o río Miño e estudo da instalación de ciclovía e paseo, entre as localidades de Monção (Portugal) e Salvaterra do Miño (España), asinado mes de marzo de 2023, e dado que a Xunta de Galicia asumiu a conservación da parte española de dita ponte, procede a sinatura do presente acordo, asumindo como propias as obrigas do Reino de España nesta materia de financiación das actuacións previstas no acordo internacional.

5.- Impacto económico

O financiamento das obras de rehabilitación estrutural dos alicerces e travesas e da redacción do proxecto de ampliación do taboleiro será repartido en partes iguais por ambos os asinantes, correspondendo á República Portuguesa, a través de IP –



Infraestruturas de Portugal, SA e ao Reino de España, a través da Xunta de Galicia a parte Española.

O gasto financeiro para as actuacións a realizar distribuirase do seguinte xeito:

Anualidades	Reino de España Xunta de Galicia	República Portuguesa IP – Infraestruturas de Portugal, SA
2023	301.734,37 €	301.734,37 €
2024	76.875,00 €	76.875,00 €
Total	378.609,37 €.	378.609,37 €.

A aportación da Xunta de Galicia ascenderá a un máximo de 378.609,37 € e será financiada con cargo a aplicación 09 A1 512B 790.0, dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, código de proxecto 2022 00003 "REHABILITACIÓN E CICLOVÍA NA PONTE SALVATERRA-MONÇAO", coa que se realizaran os pagos correspondentes aos custos incorridos e xustificados por IP-Infraestruturas de Portugal SA dende o 1 de xaneiro de 2022, unha vez aprobadas as liquidacións dos traballos e trala súa presentación e ratificación na Comisión Técnica Luso Española, segundo o previsto na Cláusula quinta do acordo internacional suscrito entre a República Portuguesa e o Reino de España.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

